

**É O QUE MERECIAMOS.**

**SEMPERE**

Aínda recordo hoxe aquel día de xullo. Ía calor, moita calor, e na praia fluvial estaban tódolos xoves da vila.

Eu fora co meu amigo, Nico, el era louro, cos ollos escuros e un chisco máis espabilado do que debería. Era a primeira vez que íamos ao río este ano e os dous estábamos brancos coma a neve. Tíñamos postos os bañadores novos que fóramos mercar esa mesma semana. Nico comer ana miña casa e como íamos a pé saíramos algo pronto, polo que, ao chegar a praia fluvial non había ninguén. Estiramos as toallas preto das castiñeiras, poidendo escollera o sitio e puxémonos preto das castiñeiras, tumbámonos na area daquela praia na que os meus pais se coñeceran, e na que tantas historias da zona foran creadas.

Lembrei o día no que o meu pai, tres anos atrás, as meus 13, contoume como coñeceu a miña nai:

—Daniel, xa que tanto te interesaba, vou contarche como coñecín a túa nai, por fin: “Estábamos os do equipo no río, na auga xogando cunha pelota. Collín frío e fun a area a tomar o sol, senteime na beira, xusto no bordo da auga e vin como se achegaba Mar, unha amiga do barrio. Díxome que quería presentarme a unha amiga. Levanteime e a vin. Era fermosa, moi fermosa, quedei sen fala. Ela, cunha sonrisa pícara e un sollos vedes fervendo achegouse a min e deume dous bicos. Correspondina dende o primeiro momento. Agora xa ves, a túa nai está aquí, ten trinta anos máis, pero os mesmos ollos verdes”

Mentres eu cavilaba rememorando aquela conversa co meu pai Nico fora a darse un baño e agora volvíacon ganas de leria e de salpicarme.—Que calado estás hoxe! Pasou algo, Dani?—preguntou algo preocupado.—Non, non, tranquilo, estou ben—dixen cun sorriso máis forzado do que pretendía.

Foime animando pouco a pouco coas tonterías habituais. Comezou a chegar xente, coñecidos e menos coñecidos. Algúns viñeron canda nós, e como non, fixémoslle un oco. A pequena praia fluvial cheouse en pouco tempo.

Algo despois, xireime, e polo estreito carreiro que da a baixada ao río apereceu un grupo de rapazas. Eran catro, pero eu fixeime naquela rapaza da esquerda, era morena, tiña o pelo longo e caía nos seus ombreiros con sutileza, tiña unha tez pálida, era moi guapa, Levaba unha camiseta branca, e uns pantalóns verdes moi curtiños. Era delgada, e supuxen que un chisco máis baixa que eu.

Quedei atontado mirándoa ata que se decatou Nico, tan espabilado coma sempre.—Non babeas tanto, que o charco vai chegar ao río—guiñoume un ollo.

Decidiron xogar ao volei. A min dábaseme ben a verdade. Cando nos demos de conta, o sol xa caera un chisco e pasara moito tempo dende a nosa cegada. Paramos de xogar para darnos o último chapuzón do día. Ao saír, pasamos ao lado do grupo de rapazas de antes, entre as que estaba a miña favorita. Xa pasaran uns metros cando oín.

—Daniel!

Xireime sorprendido por aquela voz descoñecida que chamaba por min e a vin camiñando cara min cun sorriso nos seus hermosos beizos.—son eu—dixen abraiado.

—Son Crisina—dixo alegremente.

—Encantado—saudeina tendéndolle a man, cunha sonrisa de orella a orella.

—Só era para decirte que estás un pouco queimado, deberías votar crema—xirouse e deu dous pasos.

Naquel momento, a miña cara de decepción debía ser un poema. Estón xirouse de novo e dixo.

—Eu teño ``alter sun``, por se queres achegarte a onde estou—guiñoume un ollo.

Quedei un bo rato de pé mirándoa e dixo.—Daniel, é unha invitación, vés ou que?—impaciente.

—Claro , agora mesmo—dixen espertando.

Fun ata onde estaban as miñas cousas e todos me esperaban con sorna.—Uiui, este Daniel cólleas todas—falou Nico. Cando marchaba, díxome.—Tío, preséntame algunha—. Eu contesteille, disfrutando do momento.—Veña, apura, estame esperando.

Chegamos, eu por diante de Nico, triunfante.

Puxen a miña toalla pegada a de Cristina e tumbeime, con ganas de abrir unha conversa como fora. Presentei a Nico, que sacou todo o seu descaro para plantarse no medio delas e soltar as súas redes, a ver se caía algo.

—Dani ti es de aquí, verdade?

—Sí, deduzo que pola túa dúbida vés de algunha outra parte.—

—A verdade, eu son de aquí, pero os meus pais oron a vivir á cidade de Lugo cando era eu aínda moi nena—dixo con algo de tristeza.

—E que hai en Portomarín que che faga volver?

—A miña avó, antes, volvía tódolos veráns, pero os dous últimos foi ela a que quixo cambiar de aires.

—Unha sorte para min que este ano quedara na casa—dixen sorrinte.

—Unha sorte que estas me convenceran para vir.

—Como que “estas”, eh?—soltou unha.—Poderase queixar pola parte que lle toca—indignada.

—Non me queixo, Pauliña.

—Ata cando vas estar aquí?—dixen planeando.

—Pois, ata que acabe este mes de xullo...

—Só tes imha semana—suspirei.

—Pode ser tempo de sobra se o aproveitamos—sorriume.

A tarde pasou rápido, máis do que eu quería. Cegaron as nove, e polo visto, a hora das despedidas.

Sáimos polo carreiro que subía a carreteira que levaba a vila., pregunteille onde vivía a súa avó. Vivía a dúas rúas da miña casa. Nico despediuse ao cruzar a ponte, pois a praia está na outra beira do río. Despediuse, quizáis, demasiado cariñosamente da tal Pauliña e a min guiñoume un ollo.

Chagamos a súa casa. Só quedábamnos nós e outra amiga que se despediu e que desapareceu rapidamente, era a súa veciña. Quedamos sós.

—Volverei a verte?—preguntei esperanzado.

—Acaso teño outra opción?—dixo con sorna.

—Tes teléfono?

—O fixo da casa da miñ avó.

—Váleme—sorrinlle.

Despois de recoller o seu teléfono e prometerle que recibiría noticias miñas mañá pola mañá, despedímonos.

Deume un bico na meixela e un longo abrazo.

Cheguei a casa cheo de adrenalina e con ganas de volver a vela.

—Que feliz vas, Dani—dixo a miña nai.

—Pode ser. Que hai de cea?—preguntei cambiando de tema.

—Vai ducharte e agora o ves.

Tardei polo menos dúas horas en dormirme por culpa da adrenalina. Mais en canto puiden durmir foi un sono moi doce e relaxado.

Espertei ás dez. Prepareime e as once estaba no balcón, mirando como baixaba o río, devecendo por chamala xa, pero con medo a que fose demasiado cedo.

De súpeto, dous coches cruzaron a ponte a toda velocidade e seguiron pola estrada que saía da vila. Fiquei estranado.

Decidín chamar ás once e media. Non recibín desposta algunha. Pensei en agardar.

Volvín intentalo ás doce e ás doce e media. Comecei a preocuparme e á unha e media decidín achegarme á casa da súa avoa. Pronto sería a hora de comer e alguén estaría na casa.

Chamei ao timbre, e a única resposta que recibín foi o eco do ruído que eu mesmo provocara. Preceume raro, Cris dixérame que ían estar toda a mañá na casa.

Sáfu unha veciña ao balcón. Pregunteille se sabía algo. Díxoem que algo pasara, que oíra berros e o acelerar de dous coches.

Asusteime por se lle puidera pasar algo a Cristina.

Fun a casa, comín ás présas e saín de casa correndo coa idea de seguir o pé daqueles coches. Desesperado por atopar novas de Cristina.

Crucei a ponte e enfilei o camiño que saía da vila. Levaría un quilómetro andado cando avistei os dous coches, aparcados un detrás do outro. Aproximeime a eles, non había ninguén preto.

Estaban xusto diante da baixada que daba á praia fluvial.

Comecei a descender polo carreiro, cando, a medida que baixaba vin entre as árbores un grupo de homes, seguín baixando intentando non chamar moito a atención. Había unha pequena embarcación na. Era máis grande ca unha zodiac, pero de lona alaranxada igualmente. Un home falaba para todos os demáis, que se afanaban en subir unhas caixas ao barco. A escena parecía estrana, irreal. Funme acercando máis e máis. Por fin puíden ver a Cris, estaba sentada contra unha rocha. Ao seu lado unha muller, que polo parecido, supuxen era a súa nai. Tiñan as mans atadas na espalda.

Achegueime ás rochas por detrás. Cando estiven nunha distancia á que puidese oírme chameina.

—Cris! Que está pasando?

—Dani, sal de aquí, lárgate, xa—susurrou nerviosa.

—Non penso marchar así, dime que está pasando—dixen algo cabreado.

—Non hai tempo para explicacións, por avor, Daniel—escapouselle unha bágoa de impotencia.

—Cris...—achegándome.

—Vaite—cortoume.

De súpeto, o home que falaba xirouse cara min.

— Quen carallo es ti, rapaz? Que estás facendo aquí?—achegouse berrando, colleume polo peito e arrastroume ata a area.—Contesta, quen es ti?

— Chámome Daniel, vivo aquí—intentei soltarme.

— Mellor, déixate de leria. Estabas espiando eh? Este non é o teu lugar, metécheche onde non debías—cortoume.—Atádeo tamén, e máis che vale estar calado—ameazoume.

Acabaron de subir as caixas. Leváronnos no barco cruzando o encoro. REcoñecín por onde íamos e o lugar a onde foi parar o barco. Era a antiga potabilizadora, un grande edificio que baixaba ata o encoro, recollía e levaba a auga ata as antigas casas de Portomarín. Sabíao porque ao meu curmán encantáballe ir alí a tirarse do pequeno espigón de bloques de cemento. Levábame en moto, baixando a carreteira pegada a nosa beira do río.

Foi nese espigón onde amarrou o barco, e onde estiven a piques de comer o chan tras o empurrón que me sacou do barco. Comecei a asustarme. “Que é tan importante como para coller a un rapaz sen importancia, simplemente porque os vira embarcar”, penséis. “E máis aínda, que ten que ver a miña Cris con todo isto”

A nai de Cristina saloucaba mentres dous homes nos guiaban pola costa ata o edificio central. O camiño fíxose longo. A porta do edificio parecía desencaixada do seu marco. Era unha sala longa e cunha única fiestra, a través da cal se colaba unha fina cortina de luz en forma de pó dourado.

Tiráronnos ao chan e quedamos alí. Notei como algo de sangue esvaraba polo meu brazo esquerdo, aproximeime como puíden ata Cris.

—Vasmo contar agora ou teño que meterme en máis problemas?—dixen impaciente.

—Dani, isto non é unha broma, é unha guerra do narcotráfico, ou acaso non te enteras do que contiñan as caixas?

Pola súa cara seguinte a miña expresión debeu ser dunha estrañeza total.

—Era droga, Dani.

—E que fas ti metida neste lío?—preguntei sen poder conter os nervios.

—Meu pai é policía, leva anos detrás deles, por iso estou aquí. Non hai ningunha avoa, alugamos a casa para que o meu pai pondera investigar de cerca. Decidín tomalo como unhas vacacións.

Cada vez era todo máis inverosímil. De súpeto aparecer un dos homes.

—Nena, ti ves connigo—dixo rindo con cara de porco.

—Nin se te ocorra tocala—levanteime e o empírrén co ombreiro o máis forte que puiden. Soltou a Cris e deu un paso atrás. A primeira labazada non a vin caer. Foi a máis dolorosa. A segunda non me doeu, e na terceira eu xa estaba no chan. Sangraba por boca e nariz.

—Neno do carallo, nin que fora para tanto a moza, que vos den—marchou.

Cris veu correndo a onde estaba, aquel malandrán soltáralle as mans e agora non estaba atada. Suplicábame que aguantase, que non me podía pasar nada.

Cando spertei, unha hora máis tarde según Cris, tiña a cabeza sobre as súas pernas. Ela sorriame, con vagaos nos ollos. Intenteime levantar para abrazala, pero unha punzada de dor nas costas tumboume de novo. Díxome que non me movera e que descansase. Mentres me acarifiaba o pelo.

—Cris, onde está o teu pai?—preguntei cun áspero fio de voz.

—Non sei cando nos ataron el xa non estaba. Non sei onde poderá estar—a súa expresión pareceume a máis derrotada posible para unha moza de dezaseis anos.

—Tranquila, seguro que está ben, non te preocupes—intentei sorrirille, sen forzas. Mirei pola fiestra e vin como o sol se reflexaba, máis laranxa que amarelo.

—Os meus pais estarán preocupados, vanme matar—suspirei.

—Dani, non creó que sexa iso o máis importante agora.

Un largo silencio veu canda nós. Cris miroume, antes de romper exaltada o silencio.

—Dani, e o teu teléfono móbil?

Como podía ser tan parvo como para esquecer iso.

—Está no bolsillo do meu pantalón, podes collelo?

Alongaba o brazo cando unha sombra apareceu pola porta. Escoudeu os brazos detrás da espalda e eu separeime dela. Entrou o xefe do grupo, seguido de dous dos matóns, que levaban a un home a rastro. Soltárono e caeu ao chan como un mallo.

—Se tedes fame podedes comelo a erl—dixo con malicia.

O home que me dera a paliza miroume con noxo e cuspíu preto miña. Saíron.

Cristina levantouse a toda velocidade para axeonllarse xunto ao seu pai. Deulle a volta para que quedara boca arriba. Úxo os brazos e a cabeza sobre o seu peito e comezou a chorar. A súa nai quedou nun rincón. Cos ollos abertos e tremendo. Estaba en estado de “shock” tras a impresión de ver ao seu marido inmóvil.

Achegueime despacio, o corpo aínda estaba quente e sangraba por moitos sitios. Axeonlleime eu ao lado de Cristina.

—Cris, mira o que está pasando. Colle o meu móbil, rápido.

Colleunon con vagaos nos ollos.

—Que fago agora?—tremíanlle as mans.

—Tranquila, Cris, mándalle unha mensaxe ao meu amigo Nico—dixen despacio.

—Vale, e que poño?—falaba con nerviosismo.

—“Nico, estamos na vella potabilzadora na nosa beira do río, trae a policía. Nico, non tardes, por favor” —dicteille.

—Xa... xa está, creo—dubidou.

—Gárdao ti, imos esperar.

Cris foi cara a súa nai e abrazouna, a nai choraba xa sen ganas, cos ollos vermellos e gastando as últimas vagaos. Non podía crer o que estaba a pasar.

Inspeccionei ben o corpo do pai. Non sabía se estaba morto ou a punto. Examinei as feridas. A cabeza estaba chea de cortes e arañazos. A paliza fora boa. Tiña un brazo roto na zona do antebrazo e no pantalón había unha enorme mancha de sangue. No centro, un orificio de bala. Cada vez estaba máis asustado.

Puxen a cabeza sobre o peito, buscando alg'cun latido ou a forza dops seus pulmóns. Agardei, sen éxito.

Daba voltas impaciente pola sala. Pasarían uns vinte minutos cando Cris reclamou a miña atención.

—Dani, ven a ver isto.

Nico contestara á mézase: “Como sexa unha broma, mátoche. En media hora estou contigo, tranquilo”

Confiaba en Nico, porque dende pequenos sempre sabía o que facer para axudarme.

Sorrinlle a Cristina, que gardou o móbil e miroume coma se fose a estar ahí sempre. Biqueina na meixela.

Foi unha mala acción, nese intre, o home que tanto falaba apareceu pola porta.

—Que bonito, confiades o un no outro—dixo cunha voz que mezclaba repugnancia e envexa.—Pensades que ides marchar de aquí? Que vos vou deizar ir? Estadés tolos. Pouco vos queda así que, fas ben en bicala, quizás sexa a próxima vez.

Sentín como o rabia invadía o meu corazón, pero o meu cerebro frenábame evitando que fixese calquera tontería. Achegouse a min e fixo que me tumbase. Sacou un revólver do cinto e apuntoume á cabeza.

—Quero que sexas o primeiro e así ver como sofre a neniña.



Pechei os ollos con forza para que as vagaos de medo que intentaban escapar dos meus ollos non saísen. Mirei a Cristina, que choraba sen remdio. Unha bágoa esvarou pola miña meixela. O home deume unha patada e gardou o revólver.

—Polo menos podías morrer como un home, dasme noxo—cuspiu.

Pasou un silencio no que respirén e no que me din conta de que non ía morrer, polo menos aínda non. Incorporéime un pouco, e o meu corazón revelouuse.

—O que pasa, é que os teus sentimentos quedaron secos na droga.

Non tardei nin un segundo en arrepentirme das miñas palabras.

—Como!?!—berrou. Colleume polo peito e levoume a rastro ata o espigón. Púxome de xeonllos no borde.—Quero var como te afundes e o teu sangue tingue o auga.

Dous dos matóns levaban a Cris e a súa nai. Cris intentaba zafarse. Mireina, suplicándolle que parase. O terceiro matón observaba a escea, expectante. Mirei ao fronte e pechei os ollos.

Notei o revólver na miña tempa e oín como tensaba lentamente o percutor. Soou un pequeno “click” que asegurei, sería a miña sentenza de morte.

Apretéis os dentes e imaxinei unha tarde máis con Cristina. Imaxinábame bicando a súa pálida pel e os seus beizos. Non quería nada máis.

Lanceille a última mirada. Xa non sentía nada, só a desesperanza de saber que non volvería a ver a Cristina.

Volvín pechar os ollos. O mundo parecía deterse e a espera fixose interminable.

Soou un dispao.

Un peso empurroume e fíxome caer ao auga. Zafeíme como puiden e subín a superficie. Outro disparoi, e o home que observaba expectante caeu ao chan, formando un charco de sangue.

Saín da auga, Cristina e a súa nai escaparan dos matóns aproveitando a súa confusión e achegáronse a min.

Apareceron cinco policías. Cada un coa súa arama, apunmtando aos matóns. Esposáronos.

Nico chegou correndo e abrazoume.

Comezou a contarme como fóra á comisaría e como, ao contarme que alguén estaba en perigo neste lugar o relacionaron todo coa desaparición dun tal detective Álvarez e que cando estaban baixando ata o edificio o home que ía matarme ía conmigo a rastras polo espigón. Tamén como a policía disparou ao seu lado. Estaba emocionado e exultante.

A partir da metade do relato non lle facía caso. Só tiña ollos para Cris. Abalanceime sobre ela e nos abrazamos. Bicoume, pero esta vez de verdade. Un policía levounos nun coche patrulla ata a vila. Foron a súa casa, díxenlle que iría alí nunha hora.

Fun a casa, a miña nai esperábase na casa con cara de enfado, aínda que ao ver as miñas feridas a súa cara cambiou a preocupación e a cara de nai que quere saber que estivo facendo o seu fillo.

Comezaron as preguntas, e entón apareceu un dos policías que me fixo escapar da miña nai.

—O seu fillo é un heroe, acaba de axudarnos a eliminar un dos xefes narcotraficantes máis perseguidos en Galicia. Levábase anos tras el.

A miña nai, despois de case desmairarse deume uns vinte bicos ao menos.

—Mamá, agora estou aquí, voume duchar.

Prepareime e fun á casa de Cristina.

Estaba fermosa. Díxome que a súa nai estaba na ducha, moi asustada aínda.

—Non te preocupes, pasaráselle pronto.

Abrazoume.

—Sabes? Non sei que imos facer agora. Pero xa que lledevolvemos a paz a este lugar e que cumplimos o que o meu pai tiña que facer, creo que poderei convencer a miña nai de quedar aquí. Polo menos ata o final do verán.

—Por que non toda a vida?

—Só se me prometes que vou estar contigo.

—Acaso teño outra opción?—dixen guiñándolle un ollo.

Sorriume, nese momento souben que ía ser feliz este verán, e ques sabería se máis tempo. Creo que é o que merecíamos despois de devolverlle a paz á vila, non?